



MISA CON NENOS

27 de xaneiro de 2019

T. Ordinario-3º C

S. Lucas 1,1-4; 4,14-21: *“O Espírito envioume a dar a boa noticia aos pobres”.*



**Xesús, veña como veña
sempre o temos na mesma
dirección.**

1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: Hoxe no evanxeo escoitaremos o inicio da predicación de Xesús, segundo nármanos san Lucas. Na sinagoga de Nazaré, o seu pobo, Xesús preséntese como aquel que vén traer a Boa Noticia aos pobres e anunciar a graza de Deus para todos. Escoitemos hoxe con atención estas bonitas palabras de Xesús e que nos impulsen a ser misioneiros, mensaxeiros da Palabra e do amor de Deus. Na semana da oración pola unidade dos cristiáns pidamos que as divisións que temos entre os cristiáns desaparezan e podamos formar un só rabaño ao redor dun só pastor, Xesucristo. E recordemos aos misioneiros nesta xornada da Infancia Misioneira.

(Saímos co cartel da Xornada da Infancia Misioneira: “Con Xesús a Belén: Que gran Noticia!”).

(Sacerdote) No nome do Pai... Que Xesús, que nunca nos deixa sos nas necesidades, sexa con todos vós.


2. PERDÓN

(Sacerdote) Pedimos perdón:

(Posible catequista): Ti que nos regalas palabras de vida. Señor, ten piedade de nós.

(Posible pai - nai): Ti que traes a boa noticia aos pobres. Cristo, ten piedade de nós.

(Posible neno - nena): Ti que nos envías a vivir o evanxeo. Señor, ten piedade de nós.



3. PALABRA DE DEUS

MONICIÓN ÁS LECTURAS

O texto de **Nehemías** recórdanos como o sacerdote Esdras le ao pobo o libro da Lei para que entendese a Palabra e a fixese súa porque chama a vivir a fe en Deus con ledicia. **S. Paulo** dinos que todos os cristiáns somos membros do corpo da Igrexa. **No evanxeo**, Xesús abre o libro da Palabra de Deus, proclámao e di que hoxe se cumpre.

Introdución ao evanxeo de S. Lucas

Comeza o evanxeo de Lucas, que nos acompañará todo o ano. É o evanxeo da Nai Virxe que acolle a Palabra, dos pastores que oen aos anxos, dos anciáns Simeón e Ana que ven a Deus, das mulleres que escoitan a Xesús, dos fillos pródigos que volven, dos humildes que son enxalzados, dos samaritanos agradecidos, dos caídos nos bordos dos camiños... “o noso” EVANXEO... Hoxe escoitaremos o programa fundamental de Xesús, un programa de liberación.

NEHEMÍAS 8,2-4a.5-6.8-10: Leron o libro da Lei, explicando o sentido.

Naqueles días, o día primeiro do mes sétimo, o sacerdote Esdras trouxo o libro da lei ante a comunidade: homes, mulleres e cantos tiñan uso de razón. **Leu o libro na praza** que está diante da Porta da Auga, desde a mañá ata o mediodía, ante os homes, as mulleres e os que tiñan uso de razón. **Todo o pobo escoitaba con atención** a lectura da lei.

O escriba Esdras púxose en pé sobre unha tribuna de madeira levantada para a ocasión. Esdras abriu o libro en presenza de todo o pobo, de modo que toda a multitude podía velo; ao abrilo, o pobo enteiro púxose de pé. Esdras bendixo o Señor, o Deus grande, e todo o pobo respondeu coas mans levantadas: **«Amén, amén»**. Logo inclináronse e adoraron o Señor, rostro en terra.

Os levitas leron o libro da lei de Deus con claridade e **explicando o seu sentido**, de modo que entendesen a lectura.

Entón, o gobernador Nehemías, o sacerdote e escriba Esdras, e os levitas que instruían o pobo dixeron a toda a asemblea: *«Este día está*

consagrado ao Señor, o voso Deus: Non esteades tristes nin choredes» (e é que todo o pobo choraba ao escoitar as palabras da lei).

E engadiron: «Andade, comedede boas talladas, bebede viño doce e enviade porcións a quen non ten, pois é un día consagrado ao noso Deus. Non esteades tristes, pois o gozo no Señor é a vosa fortaleza».

Palabra do Señor.

SALMO 18: *As túas palabras, Señor, son espírito e vida.*

1 CORINTIOS 12,12-14.27: *(BREVE) Vós sodes o corpo de Cristo, e cada un é un membro.*

LUCAS 1,1-4; 4,14-21: *Hoxe cúmprese esta Escritura.*

Narrador: Ilustre Teófilo: Posto que moitos emprenderon a tarefa de compoñer un relato dos feitos que se cumpriron entre nós, como nolos transmitiron os que foron desde o principio testemuñas oculares e servidores da palabra, tamén **eu resolvín escribírchos** pola súa orde, logo de investigalo todo dilixentemente desde o principio, para que coñezas a solidez das ensinanzas que recibiches.

Naquel tempo, Xesús volveu a Galilea coa forza do Espírito; e a súa fama estendeuse por toda a comarca. Ensinaba nas sinagogas, e todos o encomiaban. Foi a Nazaré, onde se criou, entrou na sinagoga, como era o seu costume os sábados, e púxose en pé para facer a lectura.

Entregáronlle o rolo do profeta Isaías e, desenrolándoo, atopou a pasaxe onde estaba escrito:

Xesús: *-«O Espírito do Señor está sobre min, porque me unxiu. Envioume a evanxelizar os pobres, a proclamar aos cativos a liberdade, e aos cegos, a vista; a poñer en liberdade os oprimidos; a proclamar o ano de graza do Señor».*

Narrador: E, enrolando o rolo e devolvéndoo ao que o axudaba, sentou. Toda a sinagoga tiña os ollos cravados nel. E el comezou a dicirlles:

Xesús: *-«Hoxe cumpriuse esta Escritura que acabades de oír».*

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote) A Deus o noso Pai, que anuncia por medio de Xesucristo a salvación do mundo, presentémoslle as nosas pregarías dicindo: - **Escóitanos, Pai.**

- 1.-Pola Igrexa para que sexa como Xesús un anuncio de esperanza para os pobres e unha luz para todos. **Oremos.**
- 2.-Polos que se quedaron sen traballo ou sen casa para que teñan a axuda que necesitan. **Oremos.**
- 3.-Polos cristiáns para que valoremos, escoitemos e leamos a Palabra de Deus, guía das nosas vidas. **Oremos.**
- 4.-Polos enfermos e polos que celebramos hoxe a eucaristía: para que ao saír sexamos construtores de paz con todos. **Oremos.**
- 5.-Polos nenos e nenas para que vivan a súa fe con conciencia misioneira, e descubran que o don da fe débese compartir con todos. **Oremos.**
- 6.-Polos nenos do mundo que o pasan mal ou non coñecen aínda a Xesús. **Oremos.**
- 7.-Polos misioneiros e misioneiras que deixan todo para levar liberdade, saúde, esperanza e fe. **Oremos.**

(Sacerdote): *Escoita Señor nosa oración e concédenos os dons do teu amor.*

5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAD (Eliximos algúns)

HUCHAS DO COMPARTIR:

Estas “huchas do compartir” son o esforzo e o traballo para axudar os nenos que non teñen a mesma sorte ca nós. Con elas queremos mostrar a nosa solidariedade cos que máis o necesitan.

CHUPETE:

Fai máis de dous mil anos, no maior xesto de humildade da historia, o Fillo de Deus veu ao mundo no máis pequeno que podía transformarse: un bebé. Ofrecemos este chupete como símbolo desa pequenez, que tamén caracteriza os nenos da Infancia Misioneira.

ANEIS DUNHA CADEA (en cartolina recortada cos nomes dos nenos): Na Semana da Unidade dos cristiáns que celebrabamos estes días, a través dos aneis desta cadea, queremos representar o noso desexo de unión de todos os cristiáns como Xesús quere.

PALABRA “GRACIÑAS”:

Os nenos misioneiros queremos ser agradecidos cos agasallos que Deus nos fai, a natureza, a vida, o bautismo, a fe. Tamén agradecemos todo os que os pais, profesores, catequistas e amigos fan por nós. Queremos ir pola vida dicindo sempre “graciñas”.

PAN E O VIÑO:

Finalmente, Señor, ofrecémosche o pan e o viño. Eles son a forza que recibimos cada domingo para ser misioneiros, testemuñas de Xesús, na nosa parroquia, no colexio e entre os nosos.

6. POSCOMUÑÓN INFANCIA MISIONEIRA

Ao concluír a eucaristía, os nenos que forman parte de Infancia Misioneira queren darche as grazas, Xesús.

Grazas por ter unha familia que os quere; por poderse levantar polas mañás e seguir gozando da vida; por ter uns profesores que lles ensinan tantas cousas; por ter todos os días motivos para sorrir; pero, sobre todo, porque na súa pequena vida cruzáronse persoas que lles ensinaron que Ti es o seu amigo, no que poden apoiarse e que nunca lles vai a fallar. Os nenos de Infancia Misioneira son moi conscientes de que non todos os nenos do mundo teñen todo isto. Por iso, hoxe máis que nunca, os nosos pequenos misioneiros son protagonistas. Nenos valentes que acoden contigo, Xesús, a Belén e que, desde alí, saen alegres anunciando a gran noticia de ter ao mellor amigo do “mundo mundial”, que es Ti.

7. SUXESTIÓNS

- Preguntemos que é o **xudaísmo**, unha sinagoga, o libro da lei ou Torá. Aprendemos os nomes dos libros do Novo Testamento.
- Dámoslle grazas a Xesús porque sempre **quere estar ao noso lado**. Tráenos a liberdade, a saúde, a esperanza e a fe. Pedímoslle polos que o pasan mal e intentamos botarlles unha man tal como fixo el sempre.
- A partir da primeira lectura “non esteades tristes”... e sabendo que o domingo é día de festa, poderemos preparar unhas bandexas con caramelos para que as repartan os nenos no fondo da Igrexa. A idea é que da Igrexa saímos “doces e contentos” por estar con Xesús e celebrado o que nos dá.
- Neste día da Infancia misioneira recordamos a todos os misioneiros que van anunciando a boa noticia de Xesús aos pobres, aos que lles falta casa, saúde ou escola. Dialogamos que podemos facer nós pícaros misioneiros. Buscamos en google o decálogo do neno misioneiro.
- Tamén se celebramos a Infancia Misioneira podemos explicar o cartel da Xornada: a frase -Que boa noticia- expresada na pantalla en cor: a Sagrada Familia. Ao redor os primeiros en recibir e acoller esta Boa Noticia: os magos e os pastores. Eles foron os primeiros en compartila. Os brazos con diferentes tons de pel son os nenos que axudan aos nenos compartindo o que teñen, os amigos de Xesús. Tamén se pode ver o vídeo "Que boa noticia", spot de Infancia Misioneira, https://www.youtube.com/watch?time_continue=20&v=STaCZoTBpg4
- Preparamos o día da paz (30 xaneiro) recortando algún logo, buscando unha oración para pedir a paz ou facemos un Xesto de unir todos as mans.

POSIBLE ACCIÓN DE GRAZAS

Xesús, ti enviásmeme

Xesús, ti enviásmeme a levar a boa nova de Deus aos pobres e necesitados, de palabra e coas obras, pero sempre animado pola forza do Espírito.

Señor, **ábreme os ollos** para poder contemplar aos que caeron ao bordo do camiño e necesitan unha man amiga e fraternal para levantarse do seu sufrimento.

Señor, **ábreme a boca** para que saiba dar testemuño de Ti, para que sempre pronuncie palabras de ánimo e esperanza, para proclamar sempre que Ti es o noso Pai.

Señor, **coida o meu corazón** para que sexa xeneroso e compasivo, saiba perdoar sempre, e saiba comprender a dor e a alegría dos nosos próximos. Amén

FELIZ DOMINGO, DÍA DO SEÑOR

REDE CATEQUISTAS GALICIA